- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP, ser nacionais de Estados membros da Unión Europea ou calquera que sexa a súa nacionalidade aos cónxuxes dos españois ou dos nacionais de estados membros da UE, sempre que non estean separados de dereito nos termos establecidos no artigo 57 de EBEP.
- b) Ter unha idade comprendida entre os 16 e os 65 anos.
- c) Estar en posesión da titulación de enxeñeiro técnico agrícola/forestal (Nivel 2 Mecas).
- d) Estar desempregado ou estar en situación de mellora de emprego.
- e) Posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para a o desempeño dos traballos, acreditándose a mesma mediante certificado médico.
- f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 4 ou equivalente (curso de perfeccionamento, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007, modificada por orde de 10 de febreiro de 2014).

Se non se pode acreditar este concreto requisito, poderase acceder ao proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos establecidos na cláusula cuarta.

#### **CUARTA.- PROCEDEMENTO SELECTIVO**

**PRIMEIRO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, durante un prazo de 1 hora, a cinco preguntas curtas sobre o temario que acompaña a estas bases.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso para superalo obter a nota mínima de 5 puntos.

Corresponderá ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar a puntuación mínima.

Valoraranse os coñecementos, a formación xeral, a capacidade, a claridade expositiva e de ideas, a precisión e rigor na exposición, a calidade ortográfica e da expresión escrita, e a comprensión da materia.

#### **SEGUNDO EXERCICIO:**

Común e obrigatorio para todos os candidatos que non acrediten o coñecemento do galego no nivel Celga 4 ou equivalente (curso de perfeccionamento de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007, modificada por orde de 10 de febreiro de 2014).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario do castelán ao galego, elixido libremente polo tribunal.

Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

#### **QUINTA.- ANUNCIO DA CONVOCATORIA, SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

**5.1 Anuncio da convocatoria:** As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web [www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com) e na sede electrónica do concello do Corgo, [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal)

**5.2 Solicitudes:** As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura no anexo I da presente convocatoria, dirixido ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello, ou na sede electrónica ([concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal)) no prazo de cinco **(5) días hábiles seguintes, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.** Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte. Tamén se poderán presentar na oficina de correos, na forma que se establece regulamentariamente, e nos demais lugares que se indican no art 16 da Lei 38/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Se no prazo de 2 días hábiles a contar desde o seguinte á finalización do prazo de presentación non se recibe a solicitude, esta quedará rexeitada, polo

que se recomenda a súa presentación no rexistro xeral das oficinas municipais do Concello do Corgo ou a través da sede electrónica [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal). No caso de presentar a solicitude noutro lugar ou por outro medio, o interesado deberá acreditar dito envío, remitindo o mesmo día copia da solicitude ao fax 982302068 ou por mail a [concello.ocorgo@eidolocal.es](mailto:concello.ocorgo@eidolocal.es). Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

No caso de presentar a solicitude noutro lugar ou por outro medio, o interesado deberá acreditar o dito envío, remitindo o mesmo día copia da solicitude ao fax 982302068 ou por mail a [concello.ocorgo@eidolocal.es](mailto:concello.ocorgo@eidolocal.es). Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

Na solicitude, os aspirantes manifestarán que reúnen todos os requisitos da convocatoria e **achegarán, xunto coa instancia**, a documentación seguinte, orixinal ou copia compulsada:

- a) DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia. Ás ou aos familiares dos anteriores, visado, e de ser o caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- b) Carnet de conducir tipo B.
- c) Declaración responsable, asinado polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso de persoal laboral.

No caso de ser nacional doutro estado, declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- d) Compromiso de que se dispón da titulación requerida o derradeiro día de presentación de instancias e tarxeta de desemprego.
- e) Documento expedido polo Servizo Galego de Colocación que acredite que o solicitante está en desemprego ou na situación de mellora de emprego, neste suposto achegarán, ademais, informe de vida laboral á data do día de presentación de instancias.
- f) Copia compulsada de acreditación de dispoñer o título CELGA 4 ou equivalente (curso de perfeccionamento de galego nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da orde 16 de xullo de 2007, modificada pola Orde de 10 de febreiro de 2014).

2.- Acreditación de estar desempregado ou de mellora de emprego achegando ademais informe de vida laboral a data do día de presentación de instancias.

### **5.3 Admisión de aspirantes:**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e transcorridos dous días hábiles para recibir a documentación presentada en Correos ou en Rexistros diferentes ao deste concello, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, que se publicará no **taboleiro de anuncios do concello e na páxina Web ([www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com))**, admitindo ou inadmitindo aos solicitantes, indicando a causa de exclusión neste último caso, e abríndose **un prazo de dous (2) días hábiles para a subsanación de defectos**, contados a partires do seguinte ao da súa publicación nos referidos medios, para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. No caso de presentarse noutros rexistros diferentes ao do concello, as emendas deberán recibirse nun prazo máximo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ao de finalización do prazo anterior. Neste caso, os/as candidatos/as deberán comunicar por fax ou email a súa presentación por outros rexistros. Se estes prazos finalizaran en sábado entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Na publicación indícarase o nome e apelido, DNI dos aspirantes con catro cifras numéricas aleatorias do DNI, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Rematado o prazo de subsanación e transcorridos os 2 días hábiles referidos anteriormente, ditarase resolución nun prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, a contar a partir do seguinte á finalización do prazo anterior, elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos, así como os candidatos que teñan que realizar o exercicio de galego, e nela sinalarase a composición do tribunal cualificador. A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se aprobe e ordene a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

Non obstante, o feito de figurar na lista definitiva de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base segunda das presentes bases.

Os datos personais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación, así como para a tramitación dos recursos tanto en vía administrativa como xudicial que se poidan interpor. Tamén se empregan para recabar información doutras Administracións públicas ou en cuestións referentes a empregados públicos (por ex: incompatibilidade).

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpor recurso de reposición no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente, o recurso contencioso administrativo, no de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

## **SEXTA- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

### **6.1 Composición:**

De conformidade con canto se establece polo artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, o tribunal terá a seguinte composición:

-Presidente: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

-Secretario: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

-Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por Decreto do alcalde, e publicarase no taboleiro de anuncios, na páxina web do concello ([www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com)) e sede electrónica [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal) (taboleiro de anuncios).

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Ditos asesores actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. A colaboración pode consistir na elaboración dos informes médicos e das probas físicas que sirvan para acreditar a aptitude física para o desenvolvemento do posto de traballo.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

### **6.2.- Adopción de acordos**

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

Concluídas as probas, elevarase a proposta ao alcalde de candidatos que superen o proceso selectivo para que dite a correspondente resolución ordenando a formalización do correspondente contrato laboral temporal. En ningún caso a proposta dos candidatos que superen o proceso selectivo poderá exceder do nº de prazas convocadas. Así mesmo, elevarase proposta de bolsa de emprego válida á vixencia do plan único 2021.

O mesmo día de celebración das probas elevarase proposta dos candidatos seleccionados que vinculará á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, consonte ao establecido nos Art. 106 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Os seus acordos só poderán impugnarse de acordo coa Lei citada.

### **6.3.- Data e lugar de constitución do Tribunal**

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Na mesma **resolución na que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos se sinalará a composición do tribunal cualificador, a data e hora na que se constituirá fixando a data e o lugar de celebración das probas selectivas.**

#### **6.4.- Abstención e recusación.**

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei da 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei.

#### **SÉTIMA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DOS CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS.**

Os/As candidatos/as propostos para seren contratados deberán achegar, no prazo de 2 días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentaran anteriormente, xunto coa instancia de participación:

1) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

3) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou em situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público.

4) Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

5) Título esixido para acceder a estas probas.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

#### **OITAVA. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o alcalde resolverá o proceso electivo e procederase á formalización do contrato laboral temporal por obra ou servizo determinado a tempo completo consonte á lexislación vixente.

#### **NOVENA.- IMPUGNACIÓN.**

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación das bases no BOP. Se transcorre um mes desde o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición, sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado para interpor o recurso contencioso-administrativo, á súa elección, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.

Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **DÉCIMA.-**

Os candidatos que superen as probas selectivas pero non acaden a puntuación para seren contratados integrarán unha lista ou bolsa de emprego, para futuras contratacións que se poidan realizar a consecuencia de baixas por incapacidade laboral ou outras circunstancias.

Esta lista estará vixente mentres dura este programa de emprego "PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2021".

#### **UNDÉCIMA:**

Este programa esta financiado a través do plan provincial único de cooperación cos concellos 2021 da Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego "Programa Fomento do Emprego 2021".

**ANEXO I.- Modelo de instancia:**

Dna./D.....,  
con DNI ou documento de estranxeiro nº....., con domicilio aos efectos de notificación  
en.....,  
nº de teléfono.....,

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello do Corgo para a contratación laboral de  
----- (indicar o posto ao que se opta),

**DECLARO:**

1. Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno todas as condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.
2. Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás CC AA ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.
3. Que autorizo ao Concello do Corgo á publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

**SOLICITO** ser admitido/a para participar no referido procedemento selectivo comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte (riscar o que proceda):

- Fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou tarxeta de extranxeiro
- Título universitario que acredite a titulación de enxeñeiro técnico agrícola ou forestal.
- Outra documentación: fotocopia do título CELGA 4 ou curso de perfeccionamento.
- Acreditación de estar desempleado ou de mellora de emprego
- Informe de vida laboral

O Corgo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021.

NOTA: Os datos de carácter persoal poderán ser tratados para futuras contratacións, de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, informase aos participantes nesta convocatoria que os seus datos persoais quedarán arquivados no departamento de Persoal deste Concello, coa única finalidade de ter en conta a súa candidatura para o posto ofertado.

**ANEXO II****TEMARIO ESPECÍFICO PARA O POSTO DE ENXEÑEIRO TÉCNICO.**

- 1.- Ley 3/2007, de 9 de abril, de prevención de incendios forestais.
  - 2.- Obxecto e conceptos xerais e punto de organización: competencias da administración local e competencias das CCAA.
  - 3.- Planeamento do espazo rural fronte aos incendios forestais: planeamento municipal de prevención de incendios forestais.
    - Actuacións preventivas; infraestruturas preventivas, defensa de persoas e bens, de silvicultura preventiva.
    - Ordenación preventiva do terreo forestal
    - Reorganización do terreo forestal
    - Condicións de acceso á circulación e permanencia en zonas forestais
    - Uso do lume
  - 4.- O Contrato de obra pública.
    - Concepto
    - Expediente de contratación: iniciación, contido e aprobación.
    - Expediente en contratos menores
    - Pregos de Cláusulas Administrativas.
  - 5.- Actuacións preparatorias do contrato de obra:
    - O proxecto de obras
    - Clasificación de obras
    - Contido dos proxectos
    - Supervisión dos proxectos
    - O replanteo dos proxectos
  - 6.- A execución dos contratos de obras
    - O replanteo
    - A comprobación do replanteo
    - Forza maior
  - 6.- Certificados abonos a cuenta
  - 7.- Obras a tanto alzado e obras a contrato pechado.
  - 8.- Modificación contrato de obra. Supostos. Cumprimento de contrato de obras
  - 9.- Gis
    - Formatos de datos espaciais e tipos de arquivos máis frecuentes.
    - Formato raster e formato vectorial
- Textos para preparar este exame
- Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención de incendios forestais.
- Lei 9/2017, de 9 de abril, de Contratos do Sector Público.
- O Corgo, 15 de outubro de 2021.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

## A POBRA DO BROLLÓN

### Anuncio

#### RELACIÓN DE APROBADOS NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

Concluindo o procedemento de funcionarización de persoal laboral fixo mediante concurso-oposición para a cobertura de 1 Axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL). BASES APROBADAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA UN DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E UN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020.

Publícase para o seu xeral coñecemento a relación de aprobados por orde de puntuación, que é a seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN MÉRITOS	PUNTUACIÓN 1º EXERCICIO	PUNTUACIÓN 2º EXERCICIO	PUNTUACIÓN TOTAL
GONZÁLEZ MACEDA M <sup>a</sup> LUÍSA	***6300**	25	17,04	18,20	60,24

Atendendo á anterior lista, propónse o nomeamento a favor de :

GONZÁLEZ MACEDA M<sup>a</sup> LUÍSA                      \*\*\*6300\*\*

A aspirante proposta deberá acreditar ante este Concello, no prazo de vinte días dende a publicación do presente Anuncio os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria

A Pobra do Brollón, 25 de outubro de 2021.- J. Luis Maceda Vilariño.

R.3079

## SOBER

### Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 20 de outubro de 2021, aprobouse o Padrón fiscal pola Asistencia a Escola de Música do Concello de Sober, correspondente ao 2º prazo do curso 2020-2021.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 20 de outubro de 2021.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 3050

## O VICEDO

### Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 22 de outubro de 2021, aprobou inicialmente o expediente nº 10/21 de modificación de créditos do presuposto vixente así como a modificación da base 14 das aprobadas para a execución do presuposto municipal de 2021. Dando cumprimento ó preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expónse ó público por prazo de 15 días na Secretaría-Intervención deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

O Vicedo, 22 de outubro de 2021.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3063



## VIVEIRO

*Anuncio*

Aprobación dos padróns fiscais de Taxa de Recollida de Lixo e Canon de Auga (3º trimestre do exercicio 2021) e anuncios de cobranza.

Con data de 18 de Outubro de 2021 por resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais :

<u>Obxecto</u>	<u>Exercicio</u>	<u>Importe</u>
Recollida de lixos	3º Trimestre de 2021	309.413,82 €
Canon auga (Xunta)	3º Trimestre de 2021	97.682,25 €

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

**Anuncios de cobranza :**

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- 1) O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **20 de Outubro de 2021 ao 20 de Decembro de 2021**, ambos inclusive.
- 2) Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de ViAQUA de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, BBVA, SANTANDER, LA CAIXA ou CORREOS.
- 3) Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caxas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e avírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciaráse o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 20 de outubro de 2021.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3051

*Anuncio*

Con data de 21 de outubro do 2021, por Resolución de Alcadía, procédese á aprobación do seguinte padrón fiscal :

<u>Tributo</u>	<u>Exercicio</u>	<u>Importe</u>
<b>Taxa Entrada Vehículos a Través das Beirarrúas(Vados) .....</b>	<b>2021.....</b>	<b>45.500,04,-€</b>

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante o Alcalde. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo

co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

#### **Anuncios de cobranza :**

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- o prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día 27 de **outubro** de 2021 ata o 27 de **decembro** de 2021, ambos inclusive.
- o Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de ABANCA corporación bancaria S.A. e Caixabank SA. (A Caixa) dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidades teñen estabrecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 15 de novembro de 2021 na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas da entidades antes indicadas.
- o Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciarásese o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro , 21 de outubro de 2021.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3052

---

## **MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**

### **CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

#### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

**EXPEDIENTE: V/27/01378**

PETICIONARIO: María Perpetua López Valle

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Os Péreces nº 1

LOCALIDAD: Os Péreces nº 1 Quende (Santiago)

TÉR.M. MUNICIPAL: Abadín

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Gontán/Gontán

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Os Péreces nº 1" - "María Perpetua López Valle", con un volumen máximo anual de 197,00 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración se realizarán en la parcela 617 del polígono 504 y constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa con filtro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Pozo filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 21 de outubro de 2021.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS,  
Diego Fompedriña Roca.

R. 3053

---